

# A LINGUA LITERARIA DECIMONÓNICA (I)

## O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO<sup>1</sup>

*Goretti Sanmartin Rei (UDC)*

### 1. Introducción

**T**ras os séculos escuros e a imposición dun longo silencio literario que se prolongou mesmo durante a etapa dominada polo labor intelectual dos precursores ilustrados do XVIII, a lingua galega vai entrar nunha nova fase no século XIX, ao recuperar a categoría de lingua literaria e asistir á aparición do galeguismo, un movemento cultural e político, que considera a lingua o elemento esencial do seu traballo restaurador.

Para Hermida (1992a), o Rexurdimento foi un movemento ecléctico nos seus argumentos, combinando os afectivos, que identificaban o idioma co individuo e co pobo, cos utilitaristas, que amosaban os “beneficios que se podían tirar do seu uso”, tendo os seus protagonistas ansias de descolonización ao pretenderen “desprenderse do dominio castelán e eleva-la lingua propia a dominante no seu territorio” (Hermida 1992a: 279). Mais este proceso desenvólvese dentro dunhas reducidas elites intelectuais, con escasa repercusión na maioría da poboación. Con todo, foi decisivo para servir como alicerce a etapas posteriores, pois sen o Rexurdimento non sería posíbel entendermos as organizacións políticas e culturais do primeiro terzo do século XX, como tamén non se comprenderían as

asociacións e os partidos políticos da actualidade que loitan polo desenvolvemento normal da Galiza como nación. Así e todo, non deu involuído o proceso de substitución lingüística iniciado entre fins da Idade Media e comezos do XVI, podéndose afirmar que a diglosia continúa a avanzar, ampliando agora substancialmente a súa base de incidencia social. Se durante os tres séculos anteriores a diglosia se estendeu, de forma horizontal e selectiva, entre as clases sociais altas, pódese afirmar que durante o XIX estas convértense practicamente en monolingües en castelán, continuando a diglosia o seu avance na pirámide social de forma descendente e espontánea, utilizando a terminoloxía de Ninyoles (1991: 75-82). Unha vez terminado o que Calvet ten denominado, de modo xeral, o primeiro estadio do proceso colonial ('colonialismo nacente') a nivel lingüístico, no XIX pasaríase ao segundo estadio, o 'colonialismo triunfante', en que as clases altas pasan a monolingües na lingua dominante en canto as clases inferiores urbanas se van facendo bilingües, permanecendo monolingüe na lingua dominada a xente do campo (Calvet 1993: 60-80).

De entre os feitos que contribúen a explicarmos o rexurdimento do noso idioma como lingua literaria e o movemento de defensa e dignificación do mesmo, para alén do labor dos ilustrados galegos do XVIII, temos que salientar a propia pervivencia do galego como lingua maioritariamente falada polo pobo. No nivel oral o galego mantíña unha porcentaxe de uso moi notábel e, aínda que é difícil sinalarmos índices numéricos que reflectan esa proporción de falantes, hai autores que falan de máis dun 90% practicamente monolingüe para o caso dos artesáns, labregos e mariñeiros (Hermida 1992a: 25); dita cifra parece lóxica se partimos do mundo tradicional, presente na Galiza decimonónica tamén nun 90% e o galego como única lingua<sup>2</sup>. García Turnes (1999: 800), baseándose nos resultados do Mapa Sociolingüístico de Galiza, indica que, sumando os monolingües en galego cos que empregaban máis esta lingua que o castelán, obtemos unhas porcentaxes que van desde o 95,8% de falantes

habituais no 1877 até o 89,2% de 1917, xustificando Monteagudo (1999: 330) a impresión de moitos galeguistas de existir unha porcentaxe menor de galego-falantes na “maior visibilidade social do castelán”, feito que presupoñía, evidentemente, o ocultamento do galego.

Por outra parte a Guerra da Independencia xerou na sociedade galega unha necesidade de autoorganización e un aumento da conciencia diferencial, provocando ademais a reaparición pública do galego como lingua escrita nun tipo de literatura utilitaria vinculada estreitamente á loita patriótica contra os franceses e ás confrontacións ideolóxico-políticas propias da primeira parte do século; neste sentido a exaltación das ideas liberais fronte ás absolutistas tamén propicia, por afán propagandístico e didáctico, o uso da lingua galega.

A literatura vai rexurdir fortemente vinculada á defensa da terra e dos seus signos de identidade, fundamentalmente o idioma, cun grande predominio da poesía fronte á prosa ou o teatro e do mundo rural fronte ao urbano. A prensa escrita vai cobrar grande importancia na promoción e na difusión da lingua e literatura galegas, pois, a pesar de estar maioritariamente en castelán, vai dar acollida a colaboracións en galego, sobre todo poéticas, e van aparecer tamén algunhas publicacións monolingües no noso idioma (*A Monteiro, O Tío Marcos da Portela*), inclusivemente na Galiza ultramarina (*A Gaita Gallega*).

Podemos sinalar tres períodos ao longo do XIX que marcan a evolución do uso escrito do galego en relación coa evolución da conciencia galeguista e que aproximadamente veñen coincidindo cos tres terzos en que cronoloxicamente se divide o século. A primeira etapa, que comprende desde 1808, ano da invasión francesa, até 1833, morte de Fernando VII e fin do absolutismo, prorrogábel a 1840, caracterízase polas primeiras manifestacións, aínda tímidas, do diferencialismo político de Galiza, motivadas polo levantamento contra os franceses; xorden así unha serie de obras en prosa e verso de máis valor propagandístico e lingüístico do que literario.

Na segunda etapa, situada entre 1833 e 1863, ano da

publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, é cando nace o primeiro movemento político coherente de carácter galeguista, con orientación progresista e doutrina “provincialista”, isto é, defensa da unidade política de Galiza como provincia, con dereito ao autogoberno. Esta primeira xeración galeguista está constituída por Antolín Faraldo, Francisco Añón, Alberto Camino, Neira de Mosquera e outros, moitos deles mozos universitarios que se incorporan ao levantamento militar de 1846, a que puxeron fin os fusilamentos de Carral. O fracaso deste pronunciamento deixou os provincialistas sen posibilidades de actuación política, de modo que se refuxian na actividade cultural e literaria. Neste ámbito constitúen o grupo dos Precursores e conforman esta etapa como a do prerrexurdimento ou preparatoria do pleno renacer das letras galegas. Teñen o grande mérito de devolveren o galego ao ámbito da literatura culta e de defenderen a súa dignidade e capacidade para se desenvolver en todos os campos. Boa proba disto é o libro *A Gaita Gallega* de Xoán Manuel Pintos (1853), obra miscelánea que, no ronsel de Sarmiento, ten como obxectivo principal a defensa da Galiza, unha reivindicación que precisaba o eloxio da lingua e a promoción do seu uso. A relevancia desta obra como a grande iniciadora do primeiro Renacemento da nosa lingua e literatura non tivo a súa correspondencia nun importante coñecemento da mesma polas xeracións posteriores, algo probabelmente debido á escasa difusión dun texto en que aparece a que constitúe a primeira tradución do latín ao noso idioma, o poema “Carmen patrium sive Pontevedra”, de Hermenexildo Amoedo (Hermida 2002: 60).

A terceira etapa iníciase en 1863 coa publicación de *Cantares gallegos* e prolóngase até fins do século. A obra de Rosalía de Castro, primeiro libro integramente en galego de auténtica calidade literaria, inaugura o pleno Rexurdimento da nosa literatura e dá paso á segunda xeración galeguista, que ten en Rosalía, Curros e Pondal as figuras centrais pola súa extraordinaria calidade poética, capaz por si mesma de

consolidar o Primeiro Renacemento da literatura galega após o brillante período trobadoresco medieval e de elevar a lingua galega á altura das demais linguas de cultura no plano literario. Politicamente o movemento provincialista dá paso ao rexionalismo, con Manuel Murguía e Alfredo Brañas como principais teóricos, que demanda a descentralización do Estado e defende a personalidade histórica diferenciada de Galiza e a súa especificidade lingüística; neste sentido Rodríguez (1976: 227-231) fala do proceso de formación dunha conciencia nacional en dúas fases: unha etapa rexionalista desde mediados do XIX até principios do XX e a etapa nacionalista de 1916 a 1936. O labor dos restauradores do uso escrito da nosa lingua neste século cobra aínda máis valor se temos en conta a precariedade de medios con que contaban á hora de optaren por utilizar o galego, como constataba Rosalía de Castro no prólogo da obra inaugural do Rexurdimento pleno:

Sin gramáticas nin regras de ningunha clas, o lector topará moitas veces faltas de ortografía, xiros que disoarán ós oídos dun purista, pró ô menos, e prá disculpar en algo estes defectos, puxen o mayor coidado en reproducir ó verdadeiro esprito d' o noso pobo (CG: XIV).

Nesta última etapa do século vanse dar os primeiros pasos para dotar o galego de gramáticas e dicionarios con que xa contaban as linguas do noso contorno desde séculos atrás. Convén lembrármonos de que desde mediados do XIX se viñan sentindo algunhas voces a demandaren que se estudase o galego, sendo a primeira destas opinións, como sinala Hermida (1992a: 166), a de Martínez Padín, quen en 1849 indicaba que o noso idioma “es muy digno de estudio”. Mais é xa un tópico afirmar que as nosas gramáticas son moi serodias e, asemade, diglósicas, non só por estaren redixidas en español boa parte delas, senón porque en case todas, incluídas as escritas en galego, o español está sempre presente como lingua de constante referencia ou como pano de fondo. Desta forma, pódese afirmar que o discurso

gramatical galego foi construído en comparación, contraste ou oposición constante á lingua dominante politicamente. Se as linguas do noso contorno teñen as súas primeiras gramáticas arredor do século XVI, a nosa debe agardar até á segunda parte do XIX. Por orde cronolóxica, podemos considerar como conformadoras da nosa tradición gramatical decimonónica os traballos de Mirás (1864), Saco Arce (1868), Cuveiro Piñol (1868) e Valladares (1892, publicada en 1970). Para alén destes textos, tamén foron aparecendo opúsculos en obras doutras finalidades, como certa sorte de apéndices ou prólogos a determinados textos literarios (Fernández y Morales 1861 – *EP*; Martínez González 1883). Á parte das características xa indicadas, as nosas gramáticas teñen un declarado carácter normativo, explicábel pola necesidade de fixación dun modelo lingüístico común e pola ausencia de institucións académicas encargadas de velaren pola pureza lingüística, ou pola ineficacia destas – Real Academia Galega (1906) – cando foron creadas. Á falta dun modelo de lingua oral e escrita común que escolmase as diferentes falas dialectais, uníase o polimorfismo e a heterografía que vai caracterizar os nosos textos literarios do XIX e do XX.

A segunda metade do século XIX vai coñecer tamén as publicacións dos primeiros dicionarios galegos, de aparecemento tardío pola situación lingüística en que sobreviviu o galego<sup>3</sup>. Lémbrese que xa desde á época da Ilustración se viña notando a necesidade de o idioma contar con este tipo de traballos lexicográficos, como moi ben demandaba o Padre Sarmiento, cando falaba da necesidade de que se traballase en tres glosarios (véxase Pensado 1974: 27-30). Os únicos dicionarios publicados no Rexurdimento foron, cronoloxicamente, o de Rodríguez (1863), Cuveiro Piñol (1876) e Valladares (1884); ao paso, a obra de Francisco Porto Rey coñeceu a publicación parcial en fascículos no semanario *Villagarcía-Carril. Periódico Semanal-Satírico-Cómico* no ano 1900, mais a maior parte do dicionario ficaría inédito até á recente edición de Bugarín López / González

Rei (2000). Para alén destes dicionarios, habería tamén que citar outros traballos de menores dimensións, como por exemplo o *Vocabulario Gallego-Castellano* de Juan Manuel Pintos, datado por volta de 1865 e publicado en 1992 (Neira / Riveiro 1992), o *Nuevo Suplemento al diccionario gallego-castellano publicado en 1884*, feito por Marcial Valladares e só editado en 1992 (García Ares 1992), o *Catálogo y significación de las voces del sub-dialecto berciano, usadas en este libro*, opúsculo con que se encerran os *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861) de Antonio Fernández y Morales (EP 371-379) ou aínda o *Vocabulario que facilita la traducción de las palabras contenidas en este libro*, apéndice das *Cousas das mulleres* de Xesús Rodríguez López (CM 199-209). Ademais destes traballos, son tamén dignos de nota máis dous títulos: a comezos do século XX José Leite de Vasconcellos dá a lume na *Revista Lusitana* (Vasconcellos 1902: 198-229) un manuscrito anónimo titulado *Vozes Gallegas* e que Pensado (1985: 51) data por volta de mediados do XIX; doutro lado, este mesmo investigador refire a existencia dunha *Traducción de algunas voces, frases i locuciones gallegas, especialmente de Agricultura, al castellano*, que data entre 1840 y 1860 (Pensado 1985: 65), e que vén sendo atribuída a “un tal E. R. [Eugenio Reguera y Pardiñas] que foi gobernador civil en Lugo” (Santamarina 2001: 16).

En xeral, estas obras son produto do coñecemento que existe sobre a lingua na altura e carecen da necesaria fundamentación científica se comparadas con contributos posteriores; mesmo hai quen opina que todo o labor dicionarístico do século XIX supón un retroceso a respecto dos eruditos dezaoitescos, como Sarmiento ou Sobreira; dito recuamento afectaría sobre todo a materia de fiabilidade e de exactitude, xa que o estudioso decimonónico do noso léxico

se hace dogmático, desata las palabras de su medio natural y desaparece su localización, que aun dura hasta mediados del XIX en algunos inéditos. Así las palabras que son de todos y lo que es de todos no es de ninguno, el desarraigo

léxico en favor de una coine abstracta comienza a producirse y la obsesión de romper todo parecido con el castellano comienza a dar sus frutos (Pensado 1988: 56).

A tradición lexicográfica galega vai presentar, pois, certos trazos que contribúen á súa singularización, e un destes é o seu marcado carácter compilativo antes do que selectivo. Por outro lado, a lingua en que aparecen todas as definicións dos vocábulos rexistados é o español. Non hai ningún dicionario pensado como galego-galego, nin como castelán-galego, mais como galego-castelán, e haberá que agardar até a segunda metade da centuria seguinte para podermos contar con traballos elaborados desde e para a nosa lingua.

Por outra parte, a vía de imposición tamén legal do castelán, iniciada no XVIII, continúa durante o século XIX. Aínda que a Constitución de Cádiz de 1812 non fai ningunha referencia ao español como lingua oficial por o considerar un feito “indiscutíbel e óbvio”; porén “prevé a instrución pública como un deber e unha competencia do Estado e reforza a concepción unitaria e centralista visíbel na lexislación do XVIII” (García Negro 1991: 217). Mais ao longo do século van ir aparecendo novas disposicións que reafirman a imposición do castelán e a prohibición do uso doutras linguas. Para alén de normas en que mesmo se recollen castigos escolares para quen pronunciar palabras noutro idioma diferente do español (Ferrer i Gironès 1986: 61-69), é de destacar a promulgación da primeira Lei de Educación, coñecida como “Lei Moyano”, de 1857, que declara a obrigatoriedade do ensino primario para todos os españois e obriga ao ensino da gramática castelá. Aínda en 1862 se vai promulgar unha lei de notaría onde se di que os “instrumentos públicos se redactarán en lingua castellana”. Porén, se disposicións como esta última tiñan moita importancia en Cataluña, onde se continuaba a utilizar o catalán na documentación, eran totalmente irrelevantes en Galiza, onde xa había moito tempo que o galego deixara de ter presenza neses ámbitos, como moi ben nos di Xoán Manuel Pintos:



## A lingua literaria decimonónica (I): o contexto sociolingüístico

E verda que hoje non usan  
O noso idioma gallego  
Para leis, nin escrituras,  
Nas oficinas, nin tempos,  
Nin poñen declaracios  
Nin estenden testamentos,  
De maneira que a mil probes  
Lles meten gato por coello (GG: 37).

Tan intenso e dilatado no tempo fora o proceso de imposición do castelán e de subalternización e desprestixio do galego que este mesmo autor do prerrexurdimento, nuns versos que preceden os anteriores, deixa constancia da existencia de persoas que presumían de non saberen galego, tópico aínda hoxe presente na sociedade, para alén de tamén constatar a ausencia de libros nesta lingua aínda en tal altura do século:

Si non se imprime en Galicia  
Un triste libro en gallego  
E catro farafullañas  
E gaban de non sabelo,  
Poida que non tarde muito  
En andar o idioma impreso.

A xeneralización do ensino primario reforzou o proceso de castelanización que agora chegaba mesmo a moitos puntos rurais do país, feito que recolle Antonio de la Iglesia como motivación para que vexa o lume o dicionario bilingüe gallego-castellano de Francisco Javier Rodríguez (1863: VI):

La enseñanza primaria se generaliza de una manera no conocida hasta ahora, penetrando el idioma castellano en las escuelas rurales de puntos de Galicia en que jamás se había conocido por principios. Los libros que se usan en esos establecimientos, escritos se hallan en castellano y en la misma lengua se dan las explicaciones por maestros naturales ó de fuera del país. Escaso fruto los alumnos podrían lograr de tales obras y explicaciones, si no conociesen los maestros y no hiciesen conocer á sus discípulos la correspondencia del castellano que oyen al profesor, ó leen en las aulas, con el language casi exclusivo que usan fuera tanto los niños, como sus

padres, allegados y confeligrés. El estudio pues, del gallego, como base más conocida y segura de ulteriores adelantos científicos y sociales, viene á constituir, especialmente en Galicia, una necesidad pública de la más grave trascendencia.

Non era, pois, moi necesario en Galiza un decreto como o que en 1902 asina o rei Afonso XIII, en cuxo artigo 2º se le que os mestres e mestras de instrución primaria que ensinasen calquera materia nun idioma diferente da lingua castelá serían castigados a primeira vez con amoestación e, de reincidiren, serían “separados del Magisterio oficial, perdiendo cuantos derechos les reconece la ley” (en Ferrer i Gironès 1986: 219). A imposición real do castelán fora tan intensa e eficaz ao longo dos séculos anteriores que xa conseguira dobregar as conciencias individuais dos falantes e obter os resultados procurados. Aínda así, non faltan disposicións ou pautas de conduta ditadas aquí en sentido similar ás ditadas para Cataluña no século XVIII. Por exemplo, Mariño Paz (1999: 360) informa dun plano de escolas de primeiras letras redixido polo Concello de Santiago de Compostela en 1813 en que se prescribía que “solo se haya de hablar en las Escuelas la lengua castellana, sin tolerar el uso de la Provincial o particular del País sino en quanto fuere preciso para aplicar y entender aquella”; tamén nos dá conta, entre outros casos, de que en 1879 o inspector provincial de primeiro ensino lle advertía a un mestre de Salvaterra de Miño

que se valga única y exclusivamente de la lengua nacional o sea española, mejor conocida como castellana, que es la oficial, limitándose a emplear el dialecto del país en los casos en que no fuese comprendido por los niños o bien para darles a conocer las palabras correspondientes del idioma patrio.

O pobo que conservou a lingua continuaba a ser educado, cando tiña a oportunidade de estudar, nun novo idioma que non era o seu, unha situación paralela á que se producía cos

escritores e escritoras da re-emerxente literatura na lingua do país, pois eran conscientes de que o mundo labrego e mariñeiro non sería capaz de ler as súas composicións, como moi ben expuña Rosalía no seu prólogo a *Follas Novas*:

Creerán algús, que, porque, como digo, tentey falar d'as cousas que se poden chamar homildes, é por que m'esprico n'a nosa lengoa. N' é por eso. As multitudes d'os nosos campos tardarán en lêr estos versos, escritos á causa d' eles, pero só en certo modo pra eles (*FN*: XXVII-XXVIII).

## **2. A reflexión sobre a lingua a través dos paratextos**

As palabras anteriores de Rosalía de Castro revelan a importancia dos constituíntes paratextuais para coñecermos as dificultades que tiveron que superar os escritores e escritoras comprometidos coa nosa lingua e as motivacións que guiaron a súa escolla, sendo unha das funcións dos paratextos en situacións conflitivas a de defenderen e arrouparen o propio texto, anticipándose ás críticas e xustificando a elección idiomática. Neste sentido, os títulos, mercé á súa simboloxía identificadora co país, funcionan como escudos protectores necesarios para entrar nun ámbito prohibido para a lingua galega; as dedicatorias buscan a solidariedade do público lector; os textos prefaciais xustifican nunha motivación patriótica o feito de se faceren públicas as obras; e por último, notas e epílogos dan conta daqueloutras cuestións que poden chamar a atención do público provocando un desconcerto no proceso de recepción. A ruptura do horizonte de expectativa era claramente unha das maneiras de superar a rixida separación entre aquilo que debía ser escrito en español e aquilo para o que se podía utilizar o galego. Desta maneira, o obxectivo fundamental, a necesidade de termos literatura redixida na lingua propia, vaise ir ampliando, primeiro preocupándose tanto da utilización do noso idioma na lírica como da promoción do seu emprego na prosa e, en segundo lugar, procurando que os nosos textos

non se visen condicionados por unha inexorábel reclusión no mundo rural, mesmo circunscrita espacialmente a Galiza. Neste sentido, algúns autores – como Alvarez de Nóvoa (*PB*: 11-12) – senten a obriga de se defender da suposta falta de galeguidade da súa obra, por non seren os seus contos *enxebres* e non reproduciren aquilo que o público esperaba deles atendendo ao criterio de estaren escritos na lingua falada por labregos e mariñeiros.

O carácter reivindicativo e proselitista dos propios textos e a escasez de lugares onde facer explícitos os posicionamentos dos autores e autoras galeguistas facilitou que os elementos paratextuais introducisen cuestións relativas ás polémicas lingüísticas e literarias, á preocupación pola falta de correspondencia entre os destinatarios virtuais das obras e aqueles que realmente tiñan acceso á lectura, ás noticias sobre o número de falantes, a súa clase social, o seu hábitat, etc. Estes datos, mesmo que deban ser utilizados con cautela, deben ser tidos en conta nos estudos lingüísticos, nomeadamente se nos referimos ao proceso de conformación dun modelo de lingua literaria. É especialmente significativa a carga ideolóxica que transmiten estes elementos que non pertencen á obra en si, sobre todo aqueles incluídos no mesmo volume, o chamado peritexto, verdadeiro “núcleo duro” daqueles compoñentes que Genette (1981: 9) denominou *paratextos*. A análise dos constituíntes que rodean as obras para as conformaren ofrece, pois, unha valiosa información sobre a problemática que rodea o desenvolvemento dunha literatura cuxo reto maior era estar dirixida a un público que ora non sabía ler, ora tiña o español como lingua de cultura.

Moitos dos elementos paratextuais, nun proceso que reforza o seu valor perante o público lector, reflexionan sobre os propios textos, constituíndose no receptáculo natural da ideoloxía. Comezando polo primeiro elemento con que habitualmente nos enfrontamos, o título, é preciso lembrarmos que titular supón establecer un compromiso co público lector para o satisfacer, cumprindo (ou, no seu caso, decepcionando) as súas expectativas. A respecto dos

títulos, a produción realizada nestes anos está caracterizada, en consonancia co proceso de restauración da dignidade galega, polo facto de salientar a pertenza á nación, a identificación co país, algo que se realiza ora a través da remisión ao xentilicio – *A gaita gallega (GG)*; *Cantares gallegos (CG)*; *Cartas-os gallegos (CA)*; *Saudades gallegas (SA)*; *Poesías Gallegas (PG)*, *Coleución de cantares gallegos (CC)* – ora co emprego dun elemento significativo, como é a palabra *Terra*: *Aires da miña terra (AM)*; *Contos da terriña (CT)*; *Gallegada. Tradicións, costumes, tipos e contos da terriña (GA)*. En todo o caso, a concreción pode ser maior, ao sinalar o mundo rural – *A Musa das Aldeas (MA)*; *Cousas d'aldea. Versos gallegos (AL)* –, os sectores sociais máis identificados co emprego do galego (*Unha noite na casa do Tío Farruco do Pinedo – UN*; *Soazes d'un vello – SV*), ou ao se referir a aspectos vinculados co mundo tradicional galego (*A vendimia. Costumes vellas – VE*). Algúns títulos tamén poden designar algo cativo e sen importancia, sendo explicados polos autores desde a súa asimilada inferioridade a respecto do que podería ser a *Literatura* con maiúsculas:

Dinll'o título de MILLO-MIUDO por analogía; pois si en crás de millos é o miudo o mais cativo, en crás de libros rexionales non lle leva o meu dous ichavos de ventaxa ô mais malo de cantos andan por eses mundos vendéndose ô peso para as bibliotecas d'os fogueteiros e vendedores de comestibles (*MM*: VII).

Xa Lamas, no seu prólogo a *Espiñas, follas e froes* identificaba estas últimas co labor patriótico dalgúns devanceiros, para, a continuación subliñar que o único interese dos seus versos reside no seu profundo amor polo país:

Eu ben sei que non podó voar tan alto cal iles; os meus probes versifios non son mais que solitarias violetas e non teñen outro mérito tampouco mais qu'ó perfume d'amor patrio que respiran (*EF* : 20).

Porén, xulgamos que estas fórmulas de modestia, relacionadas co recoñecemento da escasa calidade artística dun produto que centra as súas virtudes na defensa da lingua e do país, poden ser cualificadas como “defensivas”, tendo a ver co sistema de seguranza que supoñen tantos prefacios, tanto de autor como alógrafos, sobre todo, de estaren estes últimos redixidos en español. Non se trata, pois, dunha clasificación tipolóxica, senón que se busca conscientemente a identificación co mundo popular, escollendo referentes do país para seren elevados a unha categoría que lles conceda certa dignidade; posúen, por iso, unha intencionalidade fundamentalmente patriótica. Así pois, para a explicación dun título encaixábel nesta serie que vimos de describir como *Chorimas*, García Ferreiro utiliza a súa “Introdución” poética para contrapor as flores fidalgas e altivas ás súas flores do toxo, cuxa única valía é pertenceren ao país (*CH*: 25).

Canto aos textos prefaciais, con importantes excepcións como os que precederon a *Cantares Gallegos* e *Follas Novas* provocando a ruptura da diglosia xenérica ao estableceren un discurso en galego tanto en prosa como en verso, en xeral seguen o esquema de prólogo en español, sobre todo alógrafo da autoría dun intelectual de prestixio, libro en galego ou bilingüe, ou o da duplicación de prefacios, un, máis humilde do autor ou dunha persoa amiga, escrito en galego, e outro dun persoeiro da cultura, este habitualmente recollido na páxina do título, redixido en español. Nesta derradeira formulación xoga un papel fundamental a minoración do prólogo do autor, quer a través dun título modesto (“Dúas palabras”), quer por medio da redución da intervención do/a autor/a a unha dedicatoria. Especialmente significativos son tamén os primeiros poemas dun volume, en que o/a autor/a expón as motivacións da obra. Entre as causas que provocaron a súa publicación ocupa un lugar relevante a apoloxía da lingua galega e a defensa da patria. Así sucede en *Volvoretas* de García Ferreiro, cunha “Introdución” en verso previa ás “Dúas palabras” iniciais, ou en *Espiñas, follas e frores* (*EF*) e *Brisas gallegas* (*BG*), nos dous casos cunha “Introdución”

poética situada tras as palabras en prosa. Se Lamas comeza cunha exaltación do idioma galego e da nosa terra, Lois Vázquez comprométese a utilizar a nosa lingua mesmo entre os estraños, dando por frecuente o cambio de idioma na interrelación cunha persoa non coñecida:

Eu sempre falareite, meu linguaxe,  
entr'os hirmaus queridos y-entr'extranos;  
xamais eu trocarei o meu roupaxe,  
como outros fan, guiados por enganoso,  
nin penses, Suévia amada, qu'eu aldraxe  
a fala de meus país; e cand'os anos  
m'arromben pr'â, d'o esqueza, eterna sala  
o último ¡adiós! Darei n'a túa fala (BG: 19).

A preocupación central era ampliar o corpus literario galego, secundarizando o criterio da calidade por considerar que era preciso producir moito para obter algo bo:

*O que escribe en gallego,  
por mal que ò faga,  
pón algun grau d'area  
n-à moreada;  
porque, di un dito:  
Axuntando pingotas.  
fórmus' un cirio (SV: III).*

Véxase tamén a mesma reivindicación dunha dignidade fundamentada na escolla lingüística na nota que precede a *Perla...antre seixos*:

Serei o mais iñorante...  
mais xa son d'o apostolado  
gallego, que pol-o mundo  
difund'o linguaxe pátreo (PE: V).

O mesmo autor declara na presentación do seu poemario bilingüe *Burbujas* tres razóns para facer públicos os seus versos, a primeira delas, o amor á patria:

[...] vou á manifestarche, si ben con moito laconismo, as causas orixinarias d'a miña aparición n-o mundo literareo.

Tres son sômente; e pol-a bôa entencion qu'encerran, abrigo a esperanza de que hei de salvarme d'a tua severa críteca, pois que a miña sinceridá ha d'escitar a tua consideracion pra xusgarme con tod'a benevolencia pusibre.

É a promeira, querer ser un de tantos gallegos que, sin pretensiós ningúnhas e alentados pol-o entrañable cariño que â Pátrea lle profesan, defunden por todolos corrunchos d'a terra, a tan melosa fala que os malougrados Añon e Rosalía de Castro souperon coltivos con tanto porveito (*BU*: VII-VIII).

Un prexuízo fundamente arraigado durante o século XIX foi o de servir o galego tan só para a lírica, cun condicionamento xenérico que non consegue — máis que ocasionalmente — converter a lingua nun instrumento susceptíbel de expresar calquera sentimento ou reflexión nos máis variados ámbitos:

El habla gallega se adapta mejor á la lírica: en el drama ofrece mucha dificultad, por no estar trabajada para el diálogo, como no sea entre labradores.

El escaso cultivo de un género literario en que hay tanto de convencional en la disposición de los artificios escénicos, crea quizá el obstáculo mayor que tuvo V. que vencer para lograr honroso galardón (*TO*: XII).

O propio Marqués de Figueroa, bastantes anos máis tarde, continuaba a ver o noso idioma como lingua poética. Nunha entrevista concedida ao xornal *La Zarpa* e publicada o 2 de Xuño de 1925, sendo preguntado polo feito de non escribir prosa en galego, responde en consonancia cos esquemas decimonónicos que el tamén había practicar nos seus poemarios en galego precedidos de longos prefacios en español:

Yo no sabría hacer versos en castellano, pero no sabría tampoco escribir prosa en gallego; creo que nuestra lengua no está suficientemente desarrollada para esto. Los que tal hacen, quieran o no, piensan en castellano y luego se traducen, ¿verdad?, y en la traducción resplandece el giro de la frases en castellano, y no resplandecen muchas



palabras... porque se inventan. Nuestra prosa, no tiene prosistas ¡en cambio nuestros poetas!

A través deste espazo ofrecido pola instancia prefacial, outros autores combaten o prexuízo da incapacidade do noso idioma para a prosa, acudindo ás causas históricas de subordinación do galego como explicación deste feito:

É ben certo que na nosa literatura non temos prosa – falo en xeneral. – Pero parésceme á min tan natural isto, que nin sei como hai quén nelo busca razóns contra o noso renacemento. Aldraxada nosa lingua e acurrunchada nas aldeas, estaba a probiña tan murcha coma nos, cando nos relós da Historia retumbou atroadora e brillante a meiga batalada que sinalou a nosa verdadeira resurrección moral. No primeiro pulo d'antusiasmo surxiron da nada os nosos poetas, e, recollendo dante a terriña mol cheirenta a nosa vella lingua, cantaron nela as penas e os amargueiros de onte, e as glorias e as esperanzas do mañán. Si eles cantaron ben, ben o sabedes os que tedes os seus cantos gardados no corazón. Non vexo cousa mais natural que esta de que o antusiasmo chamase pol-a inspiración e espertase os poetas. A tranquilidade maor que agora temos, inda cativa é todo como é, deixará vagare e folgo ós literatos. Si temos versos e bós versos, non neguedes a prosa; a prosa xa virá (*FR*: 15-16).

Lamas xa denunciara a mestura de idiomas que se producía por se avergoñaren algúns paisanos do emprego do galego, ao tempo que indicaba un sistema para loitar contra esa corrupción, a necesaria aprendizaxe da lectura na nosa lingua, algo que estaba moi lonxe das posibilidades da inmensa maioría da poboación:

Ben quixera qu'iste libriño chegase hastr'as maos d'os que pobran as aldeas mais acurrunchadas, quixera espertar n-o corazón d'os meus paisanos o amor á nosa dulcísima lingua. Causa vergonza decilo; os mesmos nosos campesinos mistúrana hoxe sin piedade co'a castellana. Non poderey lograr os meus deseyos porque son probe; píddolle, pois, de favor a cantos merquen iste libriño, pra que leéndoo entr'eles, vexan que non é vergonza, cal

pensan, o espresarse n-a sua rica fala (*EF*: 20-21).

Ao contrario, a realidade impuña grandes dificultades para aqueles que se querían achegar á escrita no noso idioma, os máis deles a minoría culta educada en español, e non xustamente as clases populares:

Ben sei o caro que custa ler en gallego, hastra ós que lle teñen afición; por eso esta novela han de empezala poucos e han de acabala moitos menos. Pero se alguén chega a lela toda, deseo teña en conta que é a primeira que urdo e que non foi feita con ningunha pretensión literaria, fixándome máis que na forma, no obxecto e no fin da obra (*SL*: 4).

Con todo, non faltan mensaxes optimistas, que teiman en facer ver que o obstáculo principal – a exclusión secular do noso idioma dos ámbitos cultos – está vencido e que existe unha boa canteira: o idioma na boca do pobo. Esta premonición sobre os novos tempos que habían chegar, quizais por enfatizar na consecución de novos ámbitos de uso para o idioma, ofrece en ocasións unha visión un tanto reduccionista dunha realidade lingüística caracterizada, como vimos, por ter unha porcentaxe altísima da poboación o galego como primeira lingua:

Moitos anos, moitísimos estivo así, e, hastra fai pouco tempo, ninguén o falaba que non fose co seus criados e demais xente cativa: xa, gracias á Dios, escóitase non somentes nas aldeas, mais nas vilas en todas aquelas ocasións nas que amóstrase a vida rexional, nas feiras, nos mercados, por enxemplo (*FR*: 16).

En definitiva, tal e como ten afirmado García Turnes (1998-1999: 181-184) a finais do século XIX e comezos do XX desenvólvense dúas evolucións contrarias: unha, referida á lingua oral, indica un retroceso do monolingüismo galego en favor do bilingüismo galego-castelán; outra, referida á escrita, significa a conquista de novos espazos perdidos durante moitos anos. O avance no proceso de

asimilación lingüística provoca a renuncia á utilización do propio idioma fundamentalmente por parte das clases medias e baixas das cidades, pois as clases altas xa iniciaran a deserción lingüística había tempo (Hermida 1992a: 23-58), mentres que o campesiñado mantivo a lingua, ao non sentir a motivación instrumental que condicionaba a mudanza lingüística. Así, se antes do período dominado pola doutrina das Irmandades, García Blanco (1912: 6) indicaba que o galego desaparecía da Galiza urbana, os intelectuais galeguistas intentaban loitar contra ese confinamento do idioma no mundo rural:

A todas horas nos acosan los extraños con la predicción de que el lenguaje gallego se halla a punto, ya que no de su extinción, al menos á no ser usado sino que en lo más agreste de nuestras montañas. Pues bien, contra afirmación tan imperdonable, por lo injusta y hasta agresiva, viene con su libro la autora de *Almas de muller*, á probarnos que eso no es posible, cuando á dos pasos de la Coruña, en campos en donde se oye el rumor de la ciudad vecina, allí donde debía haberse realizado ya, de ser cierta, su profecía, surge pujante y florece varia, rica, profusa casi, en giros y en vocablos, la lengua que hablaron nuestros trovadores, la que hoy hablamos ciudadanos y campesinos, la que ensalzan nuestros poetas, la que aman los hijos del país y á la cual rendimos todos, sí, el holocausto de nuestra abnegación y filial cariño (Murguía 1915: X-XI).

### 3. O modelo de lingua e a cuestión ortográfica

A regulación das linguas e a oficialización de normas para a súa escrita estiveron sempre en función do poder político, que a determinada altura considerou conveniente ditar disposicións para mellor as preservar e potenciar. Mais, cando iso pasou no contexto en que o galego estaba inserido, Galiza xa perdera o seu poder político. Nos séculos de normalidade lingüística que para o galego supuxo o período medieval dáse unha heterografía ou vacilación na

representación gráfica que é consubstancial naquela altura a todas as linguas romances, mais que no noso caso se fai máis presente pola carencia dun poder propio e exclusivo que cumpra unha función unificadora.

Partíndomos da afirmación da unidade lingüística galego-portuguesa durante toda a Idade Media, é evidente que no seu último período se foi dando no territorio situado ao norte do Miño a preferencia por unhas determinadas solucións lingüísticas sobre outras que se van impondo como xerais en territorio portugués. Ao mesmo tempo, a vacilación ortográfica entre *b/v*, máis frecuente en textos galegos, pode indicar o inicio da neutralización da oposición fonolóxica, así como a vacilación na representación gráfica das sibilantes xordas e sonoras pode ser indicio da iniciación do proceso de enxordecemento das sonoras no noso territorio. Cuestión puramente gráfica é a da representación das consoantes palatais lateral e nasal: mentres en Portugal o rei Afonso III vai importar da Provenza e impor *lh, nh*, xa xerais a partir de 1275, en territorio galego seguirase a usar para a lateral *l, ll* ou *li* e para a nasal *n, nn, ni* ou *nni*, acabando por usar tamén a grafía *ñ* imposta na corte castelá. A estas alternancias gráficas vaise unir agora outra de extraordinaria importancia e que será fonte permanente de polémica no XIX e no XX: a representación das antigas consoantes fricativas prepalatais sonoras (agora tal vez xa desonorizadas ou en proceso de enxordecemento) mediante a grafía *x*, en coexistencia con *j, g + e, i* e o *x* tradicional da fricativa xorda.

Até o século XVIII os escritores<sup>4</sup> tentan manter a distinción gráfica entre *g, j, x*, mais aparecen vacilacións e incoherencias. No XVIII o Padre Sarmiento constata o enxordecemento da fricativa prepalatal sonora, mais defende o mantemento da distinción etimolóxica entre estas grafías, aínda que incorre en incorreccións como *beixos, ygrexas, laranxa*, etc. A mesma intención e desorientación mostraron o Padre Sobreira e Cornide Saavedra. María Francisca de Isla Losada alterna no seu romance (c. 1775), entre outras incoherencias, *Virgen/Virxen* e *ja/xa*. O cura de Fruíme, poeta

do XVIII de tendencia popular, emprega xa sempre a grafía *x* (*xamais, xente, xa, etc.*). Para a representación das consoantes palatais lateral e nasal durante os séculos XVI, XVII e XVIII vanse consolidar as grafías *ll* e *ñ*, a pesar de acharmos algún caso esporádico de *lh* no Padre Sarmiento e de *nh* en Cornide. Á vista disto, Mariño Paz afirma que para intelectuais do XVIII como Cornide e Sarmiento o portugués xa debía funcionar como unha referencia a ter en conta para o establecemento dunha norma escrita galega (Mariño 1995: 27). No entremés de 1671 *A contenda dos labradores de Caldelas* aparece constantemente *ñ* e *ll* nos parlamentos de galegos, fronte a *nh* maioritariamente (con algún caso de *ñ*) e *ll* (nunca *lh*) nos de portugueses<sup>5</sup>.

Á parte das cuestións puramente gráficas, ten chamado a atención a abundancia de determinadas formas lingüísticas máis propias do territorio portugués que do galego nuns poucos textos dos séculos escuros. O soneto da condessa de Altamira dedicado a don Alonso de Ercilla (c. 1578) contén formas como *naçaon* ou *nãõ*, inexistentes entre nós, ao lado doutras solucións máis propias do país veciño, acontecendo algo parecido, aínda que en menor medida no chamado “Soneto de Monterrei”, anónimo de arredor de 1530. Tamén J. L. Pensado (1985: 17-22) ten reparado no “aportuguesamento” do galego utilizado por don Diego Sarmiento de Sotomayor nas súas cartas dirixidas desde Baiona ao conde de Gondomar a principios do XVII, sostendo que as causas habería que buscalas no desexo de fuxir da lingua dun pobo deprimido para buscar refuxio noutro modelo lingüístico máis prestixiado. Sendo discutíbel esta argumentación, o certo é que nos séculos XVI, XVII e XVIII achamos xa presentes ou suxeridos aqueles elementos que durante o XIX e XX farán pór de manifesto un conflito normativo que antes a penas se puido evidenciar pola falta de uso escrito do galego.

Por outra parte, neste longo período do galego medio prodúcense ou consolídanse na lingua común varios cambios fonéticos: desaparición da nasalidade vocálica, aparecendo pares dialectais *mao/man* ou *gado/gando*; enxordecemento

e redución do sistema de sibilantes, que orixinou a existencia de zonas de seseo/non seseo; extensión maioritaria do ditongo *oi*; aparición da gheada; etc. Algúns destes cambios van condicionar a evolución do uso dalgunhas grafías ao desaparecer a distinción funcional en que este se baseaba (*s/ss, z/ç, j* ou *g+e, i/x*). Algunhas solucións de tipo morfolóxico tamén van ir evolucionando até coincidiren coas do castelán, provocando a sospeita da interferencia deste (*-zón/-ción, -zo/-cio, españós/españoles, verdade/verdá, etc.*).

Ao mesmo tempo, a lingua falada – e tamén escrita – en Galiza cada vez máis se aproxima do castelán, sobre todo nalgúns aspectos morfolóxicos e no léxico. A cuestión que aínda non achou completa explicación é sabermos se algúns deses cambios se produciron desde dentro do propio sistema lingüístico galego ou foron provocados pola presión do español. Desta forma, nos séculos XVI, XVII e XVIII fican sentadas as bases para o conflito normativo que se vai desatar no XIX e no XX. As dúas manifestacións extremas deste conflito, a utilización das grafías histórico-etimolóxicas do galego-portugués medieval que perviven no portugués moderno ou a adopción das grafías modernas, máis foneticistas, xa están suxeridas no XVIII polo Padre Sarmiento, partidario da primeira opción polo coñecemento dos documentos medievais, do portugués e mais polas súas tendencias etimoloxizantes, e polo Cura de Fruíme, que fai máis uso da segunda pola súa tendencia popular.

Cando o galego recupera o uso escrito no século XIX vaino facer coa vestimenta ortográfica do castelán, pois esa era a lingua en que os nosos escritores foran alfabetizados, descoñecedores tamén dos textos medievais na súa maioría e dos traballos realizados polo Padre Sarmiento, que aínda permanecían inéditos na súa maior parte. Por tanto, os problemas ortográficos van ficar reducidos a cómo representar aqueles fonemas e palabras que non existían no español. Van aparecer algunhas discrepancias nos usos de *b/v* ou *h* e sobre todo vai xurdir a grande polémica na representación do fonema fricativo prepalatal xordo,

inexistente en español: uns proporán o uso sistemático de *x* e outros o de *g + e, i, j* ou *x* de acordo coa etimoloxía; temos, pois, estabelecida a polémica entre etimoloxistas e antietimoloxistas, que se vén sumar a outra máis importante entre defensores e detractores do galego.

Con relación ao modelo xeral de lingua utilizada na escrita, xa o profesor Carballo Calero (1980: 123-125) ten sinalado unha etapa dialectal en que cada autor escribiría de acordo coa fala aprendida na súa zona de orixe, representada por *Cantares gallegos* de Rosalía, outra interdialectal representada por *Follas novas*, onde se mesturan solucións morfolóxicas de diferentes zonas xeográficas e unha terceira etapa supradialectal, representada no XX polo labor das Irmandades da Fala, en que se pretende superar os modelos anteriores para conseguir unha lingua depurada e culta. Esta clasificación, útil nalgúns casos, non serve para aplicar con criterio xeral. De feito, xa Pintos (*GG*: 37) pedía un modelo común de lingua antes de se publicaren os *Cantares gallegos*. Por outro lado, algúns autores do período intersecular, como Noriega Varela, aínda permanecen totalmente fieis ao modelo dialectal. Por iso Salgado / Monteagudo (1995: 125-150) propoñen distinguir entre galego popular (até fins do XIX aproximadamente), galego enxebrista (desde fins do XIX até 1936), galego protoestándar (de 1936 á década dos 70) e galego estándar (desde fins dos 70 á actualidade), clasificación que, como todas, tamén resulta discutíbel, pois no XIX temos un autor como Pondal que procura e en parte consegue un galego non popular, senón culto, mentres no XX aínda son varios os escritores fieis ao galego popular.

A posibilidade de ter como modelo para a escrita a lingua falada polo pobo ficou reflectida en numerosos textos prefaciais:

Tal vez se me tachará de ser en él sobradamente servil á causa del respeto que muestro á los modos de decir y de alterar la estructura de las palabras usadas por la gente del campo; pero á esto responderé: primero, que una lengua que apenas puede llamarse escrita, no puede

tenerse por pura, sino tal como la hablan las únicas personas que no se han dejado aun contagiar del castellano, esto es, los rústicos: segundo, que el exámen atento y comparativo de esas alteraciones, al parecer opuestas á la corrección gramatical, me ha hecho conocer que tienen su fundamento en la naturaleza e índole particular de la lengua misma (Saco 1868: VIII).

A autoridade de Saco (xunto co emprego destas formas por Rosalía e as dificultades que conlevaba a utilización das formas tradicionais) é un dos argumentos que máis ten pesado para a escolla da grafía <x> no canto das etimolóxicas <g> e <j>:

A trascripcion do sonido tan característico do dioma gallego que equivale ao da *g* francesa seguida de *e*, ou de *i*, fíxome cavilar non pouco. Nun principio pareceume que debía atermenme aas regras que tan sabeamente sentou o Sr. D. Marcial Valladares no seu Dicionario gallego; e os argumentos que me movían a opinar así, ao meu xuício, non eran froxos. É verdá que algúns prifiren a letra *x* pra a representación do dito sonido, fundados en que isto facilíta moito a comprensión e escritura do Gallego. Isto é indudable; mais ¿é o bastante pra resolver a costion? ¿non é de sumo interes o conservarlle a cada palabra a sua propia forma e filausia, e a forza nativa e íntima do seu significado? O certo é que a ningún pobo culto lle deu, que eu saiba, por romper na escritura da propia fala cos antecedentes etimolóxicos. E si consultamos a ortografía que siguiron os nosos antigos, nos seus escritos, tamen temos o mesmo. Pero (e este é un triste pero) ¿hay esperanza de que a nosa faliña seya algunha vez estudiada e cultivada con todo aquel aparato de nocions filoxíxicas, etimolóxicas e gramaticas que hoxe se estila? Paréceme moito pidir; e non lle votemos toda a culpa aos estraños, pois os da casa podíamos facer algo mais. Pol-o cual dicidime ao fin a adoutar a *x*. E esta letra ten pol-o menos a seu favor a autoridá do noso insine e malogrado mayestro Saco e Arce (*TB*: 10-11).

Desta maneira, diferentes escritores van abandonando os seus posicionamentos teóricos ao constataren os problemas



xurridos do mantemento da grafía clásica para o noso idioma. Velaí o contido da pequena “Adevertencia” de Francisco M<sup>a</sup> de la Iglesia á peza *A fonte do xuramento*:

An que son partidario d’a Ortografía etimológica, á falicidade con que se confundían n-os ensayos os encargados de representar este drama, obrigaronm’a empregar a *x* en xeral n-os casos en que debía escribir con *g* ou *j* (*FX*).

A transmisión do idioma polas clases populares leva a xustificar un modelo de lingua baseado na fala, convertendo a heteroxeneidade dialectal nun valor a potenciar:

El lenguaje que empleo es el que me enseñó mi madre y el recogido entre los campesinos. Así es como yo entiendo que debe hablarse y escribirse en gallego. Cierto es que hay algunas diferencias en el dialecto según la provincia donde se recoja, y aun á veces varían las palabras más usuales en distintas comarcas de una misma provincia; pero son tan pequeñas estas diferencias, que siempre se entiende mejor el gallego que habla un aldeano de cualquier parte de Galicia, que el que dan á luz algunos escritores, inventado, en su mayor parte, en el bufete, galleguizando palabras castellanas para salir del compromiso, por ignorar las correspondientes gallegas y por desconocer los giros y modismos de nuestro dulce y hermoso dialecto. Por esto entiendo que cada escritor debe escribir el gallego tal y como lo aprendió en su país entre la gente del campo. La misma diversidad de palabras para expresar una cosa ó dar nombre á un objeto, demuestra la riqueza del dialecto (*PAX*: 7-8).

Un dos méritos, pois, da escrita en galego vai ser a súa naturalidade e espontaneidade, en ocasións denunciando un dos fenómenos que máis forza cobraría anos despois, o diferencialismo que fuxía da coincidencia coa lingua dominante:

Armada Teijeiro habla el gallego de una manera exquisita y no ese gallego convencional y bárbaro que consiste en *agallegar* vocablos castellanos, sino aquel gallego que trae sus raíces del siglo XIII cuando rimaba

sus trovas el poeta provenzal Rimbaldo de Vaqueiras y escribía sus *Cántigas* el rey don Alfonso el Sabio. Aún diremos más, valiéndonos de una exacta expresión de otro poeta galiciano, Manuel Luguís: Armada *piensa en gallego...* es decir, prescinde al cantar, de toda relación de conocimiento con el castellano y de ahí su admirable propiedad en el decir y su fidelidad en la expresión que pone en boca de sus personajes. Todos son gallegos, absolutamente gallegos, genuinamente gallegos (Iglesia 1898: 101-102).

Porén, non falta a lóxica preocupación pola incapacidade para conseguir unha unificación lingüística que remate coa dialectalización na escrita, algo só solucionábel, para algúns, coa intervención da Academia:

É certo: os volúmenes aumentan; as poesías multiplícanse y-os poetas cantan as costumes, tradicións e bellezas d'a nosa poética Erin; pro non é menos certo qu'a fala desmoralízase, corrómpease con palabras improcedentes, e cada un aniquílaa y-analízaa c'os escalpelos d'o capricho provincial.

Ocasión tiven d'ouservar ben de cerca a notabre diferenza de falar o gallego en Santiago, Pontevedra, Vigo y-outros puntos d'a costa ô que se fala n'a provincia d'Ourense. A min nunca me deprenderon a dicir *chan, man, faser, sigarro* y-outras palabras pol-o estilo, hastra que cheguei ôs sitios arriba citados; e por eso me queixo qu'entre unhos y-outros traballos esquitos en gallegos se alcontr'un c'o imperdoable desacordo n'unhas mesmas palabras en vez d'iren n'a mais perfeut'armonía (CH: 9).

Álvarez de Nôvoa, un dos defensores das concepcións sobre a lingua máis modernas e avanzadas da época, tras recoñecer a grande variedade dialectal, insistía nas naturais diferenzas entre a fala e a escrita e negaba a xustificación dada por algúns escritores, a de ser esta a lingua empregada polos destinatarios dos textos:

Algún habrá, seguramente, que dirá que os idiomas deben falarse y-escribirse como son: pra eses non escribo eu; pro si escribira, podíalles decir que en todo o mundo civilizado, o lenguaxe que se fala non se

escribe, que os vicios e corrupciós de todol-os idiomas non pasan xamais da boca do pobo ás páxinas da impresa, nin xiquera ós labeos da sociedade media; podrialles decir que cando os homes teñen dúas palabras para designar un oxeto, teñen tamén intelixencia e gusto pra escoller a mais xeitosa, a mais dóce, a mais frorida, valia o simil. E que non me digan que o que escribe pro pobo, si eu pro pobo escribira, ten que falar como o pobo: contestarialle eu que estonces menos como eles falaría, porque tendo que cumprir os dous deberes de recrear e ilustrar, faltaría o segundo dando por boas as corrupciós do seu linguaxe, e daríalles pê pra seguir n-o erro (*PB*: 9-10).

#### **4. Conclusións**

É fundamental salientarmos os importantes logros dos nosos restauradores decimonónicos valorando as súas actitudes e comportamentos dentro do contexto social e político adverso en que se moveron e das circunstancias históricas da época. Sen eles non poderíamos explicar a situación e expectativas da lingua galega na actualidade nin do galeguismo en xeral, mais é obvio que a diglosia non só continúa, senón que avanza, permanecendo o galego totalmente á marxe da vida administrativo-burocrática, do ensino, da xustiza, da Igrexa e mesmo da política. Non debemos, pois, confundir restauración do uso literario do galego con restauración dos seus usos sociais. Moitos dos textos literarios que viron o lume nestes anos dan boa conta deste emprego diglósico do idioma, entre outros motivos, por incluíren elementos paratextuais en español.

Porén, o dito anteriormente non resta mérito ningún á importancia do século XIX na historia da lingua galega e na súa recuperación como lingua nacional de Galiza, senón todo o contrario. Por exemplificarmos nun dos grandes estudiosos da realidade social da época, aínda hoxe somos debedores do legado de Murguía, cuxas reflexións sobre a lingua galega han servir de fundamento teórico para o labor de dignificación da lingua que o movemento galeguista e

nacionalista terá como obxectivo primordial do seu traballo cultural e político. Ademais, este autor vaise converter en testemuña excepcional dos cambios lingüísticos acontecidos na sociedade galega de finais do XIX e comezos do XX:

Puedo decirlo, porque de ello soy por mis años testigo irrefutable. Cuando yo era niño, todos a mi alrededor hablaban gallego. Cincuenta años bastaron para que las clases elevadas, que antes no entendían cometer falta usando el lenguaje que todos entendían, hayan cambiado (en Risco 1976: 130).

É Murguía quen anima os nosos autores a utilizaren o galego consciente “da necesidade de incorporar a lingua á tarefa da construción do país” (Barreiro Fernández / Axeitos 2000: 55), aínda que el non dea exemplo na súa obra escrita. Mais exerceu influencia para que outros o fixesen, tanto entre os seus contemporáneos e achegados como nas xeracións de escritores que o ían suceder. Podería pensarse que esta actitude de Murguía e mesmo a dos seus contemporáneos foi contraditoria, segundo apunta Hermida (1992a: 280), no sentido de os defensores do galego usaren o español na práctica da súa vida diaria. Con todo, isto é matizábel, pois unha cousa é a sempre necesaria reivindicación pública e unha outra a privada, máxime nun contexto tan especial como eran os anos finais do século XIX:

Non ten, porén que extrañar que se restaure o uso literario do galego nun ambiente de claras contradicións no uso do persoal deste idioma, porque o relevante era, entón, a nivel da conciencia práctica, o seu uso social, simbólico na literatura. A conciencia posíbel e a conciencia práctica vian máis o problema da batalla, da guerra cultural pública, que a maior ou menor consistencia dunha práctica oral individual e escrita, condicionada socialmente na práctica cotiá. Trataba-se de saír á luz con elementos simbólicos de reivindicación cultural que orientasen e perfilasen un camiño colectivo e fornecesen unha imaxe obxectiva non alienada (Rodríguez 1988: 342).

Por outra parte, a anarquía en que se move a lingua no XIX, a pesar da aparición dos primeiros estudos gramaticais – uns, como vimos, moi deficientes e os de Saco Arce sen a socialización necesaria – levou a que personalidades destacadas reclamasen a creación dunha institución con autoridade suficiente como para elaborar unha gramática e un dicionario da lingua galega que establecese un criterio unificador. Así, xa no ano 1894 Murguía escribe unha carta a Curros como membro da “Comisión gestora para crear la Academia Gallega” e en 1904 o mesmo Murguía publica na revista *La Temporada* de Mondariz un artigo que se convertería no “motivador e desencadeante da idea inicial sobre a creación definitiva” da mesma (López Varela 1998: 66). Esta institución non se dará conformado até 1906 como *Real Academia Gallega*, con Murguía como o seu primeiro presidente. Mais non por iso se deron resolvido os problemas de estandarización ou fixación da norma culta do galego, pois nin a Academia deu realizado un dicionario e unha gramática nin se resolveron as polémicas ortográficas xurdidas, sobre todo, a fins do XIX, que continuarán durante o século XX, xerando un conflito normativo que agardamos sexa resolvido definitivamente a comezos do terceiro milenio.

## Notas

<sup>1</sup> Este traballo realizouse no marco do Proxecto de investigación titulado “A formación da lingua literaria galega no século XIX”, dirixido polo profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato e subvencionado pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galicia. As referencias bibliográficas indícanse na última das tres partes de que consta, da autoría de Xosé Manuel Sánchez Rei (“A lingua literaria decimonónica (III). Aspectos do léxico.”).

<sup>2</sup> En parecidos termos se expresan Calo Lourido / López Carreira / Carballo / Obelleiro / Alonso Fernández (1997: 303) cando din que o campesiñado era “a clase maioritaria na organización social, abrangendo ao 90% da poboación, pero moi fraccionada en función das relacións de produción”.

<sup>3</sup> A primeira tentativa de elaborar un traballo lexicográfico remonta ao século XVI da man do Bacharel Olea, quen compila aproximadamente 150 palabras sob o título de *Bocablos Gallegos Escuros*. Foi Filgueira Valverde (1947) o primeiro en dar noticia del, e na actualidade conta cun estudo parcial en Mariño Paz (1999), quen salienta a súa importancia: “O seu carácter de documento extraído do contacto coa vida cotiá dos galegos da primeira metade do século XVI confírelle un alto valor porque, na medida das súas innegables limitacións, contribúe a paliar as carencias dunha documentación medieval galega que, aínda que abundante, non presentaba variedade tipolóxica suficiente para que nela se espellasen, se non a totalidade, si polo menos unha importante porción da voces usadas polos galegos durante todo aquel tempo”.

<sup>4</sup> Para coñecemento e estudo das grafías nos textos escritos durante os séculos escuros e o XVIII, véxase Mariño (1995: 7-102).

<sup>5</sup> Para a caracterización lingüístico-ortográfica e edición do entremés, véxase Ferreiro (1996).